

PERMISOS RETRIBUIDOS PARA AS ELECCIÓN XERAIS DO 28 DE ABRIL DE 2019



NON TERÁN DEREITO A PERMISO RETRIBUIDO

As/os traballadoras/es con horario de traballo que **NON** coincide co de apertura das mesas electorais, ou que o faga por un período inferior a dúas horas

PERMISO PARA ACUDIR A VOTAR

Os/as traballadores/as que traballen ese domingo teñen dereito como electores, a dispoñer ese día dun permiso retribuído para poder votar. A súa duración depende da maior ou menor coincidencia do seu horario de traballo co de apertura dos colexios electorais (que é de 9 da mañá a 8 da tarde). Cada comunidade autónoma decide a duración destes permisos, como orientación adoita ser esta:

Coincidencia do horario do traballador co do colexio electoral	Duración do Permiso
Non coincide (ou menos de dúas horas)	Sen permiso
Entre 2 e 4 horas	2 horas
Entre 4 e 6 horas	3 horas
Máis de 6 horas	4 horas

A empresa pode solicitar aos seus traballadores que xustifiquen que empregaron ese tempo para ir votar. Para iso, o traballador deberá achegar o xustificante correspondente (modelo oficial asinado polo presidente da mesa).

Permiso por ser designado presidente ou vogal dunha mesa electoral. Se para o traballador a xornada de votación é laborable, a empresa ten que concederlle un permiso retribuído, previo aviso e xustificación. Traballen ou non o domingo, os traballadores que sexan presidentes ou vogais teñen dereito a unha redución de cinco horas na xornada do luns 29 de abril.

Se o traballador ten quenda de noite e traballa a noite do sábado ao domingo, a quenda que comeza o sábado considérase xornada laboral do día electoral, polo que non traballaría esa noite. Ademais, se o traballador elixido vogal ou presidente traballa a noite anterior á da xornada electoral e solicita cambio de quenda, é obligatorio concederello. Ademais, se o empregado ten que traballar na quenda de noite inmediatamente posterior á xornada electoral, ten dereito a que se lle reduza este cinco horas.

Permiso por ser designado interventor ou apoderado. O traballador que fose designado interventor ten os mesmos permisos que o presidente e os vogais. En canto ao apoderado, só ten dereito ao permiso retribuído correspondente ao dia das eleccións. Nin o interventor nin o apoderado teñen dereito a percibir dietas, a diferenza do que sucede cos membros das mesas electorais.

Permiso por ser designado suplente. O traballador designado suplente ten obrigación de presentarse no colexio electoral ás 8 da mañá, para o que a súa empresa deberá darrile o correspondente permiso retribuído se ese domingo traballa. Se fallase algún titular e debe substituírille, o traballador terá entón dereito aos permisos correspondentes. Se, pola contra, non é necesaria a súa presenza, poderá acudir ao traballo con normalidade a partir dese momento. Como orientación, hai que ter en conta que a mesa debe estar formada ás 8.30 horas da mañá, polo que o traballador, a esa hora, xa coñecerá se debe substituir á persoa ausente ou pode acudir ao seu traballo.